

ANUNCIO DE CONSULTA PÚBLICA PREVIA Á REDACCIÓN DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO SERVIZO DE VELORIO MUNICIPAL DE LOBIOS

De conformidade co previsto no artigo 133.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, co obxectivo de mellorar a participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas, con carácter previo á elaboración do proxecto de **Ordenanza municipal reguladora do servizo de velorio municipal de Lobios**, solicítase a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma acerca de:

- a) Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.
- b) A necesidade e oportunidade da súa aprobación.
- c) Os obxectivos da norma.
- d) As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

Os cidadáns, organizacións e asociacións que así o consideren poden facer chegar as súas opinións **sobre os aspectos expostos no seguinte cuestionario ata o 11 de abril de 2022**, mediante a súa presentación en calquera dos lugares indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa	<p>a) Regular a prestación polo Concello do servizo funerario de velorio, competencia municipal recollido no artigo 25.2.k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, ás necesidades deste municipio, aínda sen regular.</p> <p>b) Establecer as relacións entre os usuarios e o Concello, a fin de determinar os dereitos e deberes de ámbalas partes.</p>
Necesidade e Oportunidade da súa aprobación	<p>a) Regular por primeira vez a prestación do servizo para a consecución da eficacia e eficiencia na prestación do mesmo e contribuir á sostenibilidade actual e futura do servizo municipal, incluída a sostenibilidade financeira.</p>
Obxectivos da norma	<p>A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, no seu artigo 25, establece, entre outras cousas:</p> <p><i>“2. O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias:</i></p> <p>...</p> <p><i>k) Cemiterios e actividades funerarias.</i></p> <p>...”</p> <p>En termos similares pronúnciase o artigo 80.2.j) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia.</p> <p>O obxectivo da Ordenanza municipal reguladora é regular por primeira vez o servizo para unha prestación de mellor calidade, cuio obxeto fundamental radica en facilitar aos familiares, amigos e achegados dos difuntos, unhas instalacións en condicións dignas e funcionais para o depósito e vela dos cadáveres ata o momento da súa inhumación ou incineración, nas debidas e legais condicións hixiénico-sanitarias.</p>
Posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias	<p>A tramitación do Regulamento é necesaria para regular un servizo de competencia municipal, ás necesidades deste municipio.</p>

